



CONCELLO DE

C.I.F. P-3604000 D  
Rúa Rapeira 1 C - 36.658

Tel. : 986 -  
536161

Expediente núm.: 504/2023

Resolución de aprobación de expediente.

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado Sumario

Asunto: Mellora de camiño de Porta de Conde a Outeiriño. Obra subvencionada por resolución da directora xeral da AGADER ao abeiro do Plan de mellora de Camiños rurais 2024-2025.

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

1.- Obra no expediente "Proxecto técnico para Mellora de Porta de Conde a Outeiriño", redactado pola arquitecta técnica Fuensanta Barcala Martínez e aprobado por Resolución de Alcaldía de 26/02/2024, **cun importe total de execución por contrata de 70.122,07 € (IVE incluído).**

2.- Con rexistro de entrada nº 2024-E-RC-750, comunícase resolución da directora xeral da AGADER de concesión de subvención ao abeiro do Plan de mellora de Camiños rurais 2024-2025, por importe de 58.725,62€ (57.952,12€ orzamento aceptado sen IVE do proxecto e 773,50€ orzamento aceptado sen IVE de control de calidade), e o restante se financiará mediante achega municipal.

3.- Con data 26/02/2023 emítense informes da arquitecta municipal, nº 28 e 29, sobre viabilidade urbanística, titularidade e dispoñibilidade.

4.- Constan incorporadas ao expediente administrativo as seguintes autorizacións sectoriais:

- Autorización previa de obras en zona de concentración parcelaria, da Consellería de medio rural, emitida en data 13 de marzo 2024, pola Xefa do servizo de infraestructuras agrarias.
- Autorización sectorial do servizo de Infraestructuras e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra emitida en data 01 de abril de 2024.
- Autorización sectorial da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por Delegación da Dirección Xeral do Patrimonio cultural, emitida en data 16/04/2024.
- Autorización sectorial de Augas de Galicia, emitida en data 24/06/2024.

4.- Considerando que a xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato se recolle no informe da arquitecta municipal nº 2024-0147 ao que se fai remisión. E considerando os informes da arquitecta municipal nº 2024-0149 sobre criterios de adxudicación, nº 2024-0148 de non necesidade de estudo xeotécnico, e nº 2024-0146 sobre non necesidade de informe de supervisión porque a referida obra non afecta á estabilidade, seguridade ou estanquidade da mesma.

5.-Consta acta de trazado previo asinada polo facultativo autor do proxecto e





CONCELLO DE

C.I.F. P-3604000 D  
Rúa Rapeira 1 C - 36.658  
polo Alcalde en data 26/08/2024.

Tel. : 986 -  
536161

6.- Constan documentos RC por importe de 70.122,07 €, con cargo á aplicación 453 61900.

7.- Consta memoria xustificativa da Alcaldía xustificativa da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirose mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, da elección do procedemento, xustificación da non división en lotes e do análise económico do contrato, que xustifica a necesidade das actuacións.

Examinada a documentación obrante no expediente, visto os informes de Secretaría e de intervención, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

## RESOLVO

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación da obra MELLORA DE CAMIÑO DE PORTA DE CONDE A OUTEIRIÑO, mediante procedemento aberto simplificado sumario e trámite ordinario, para as obras de “Mellora de camiño de Porta de Conde a Outeiriño”, ascendendo o tipo de licitación do presente contrato á cantidade de 70.122,07 € IVE incluído, desglosados en 57.952,12€ de orzamento base IVE excluído e 12.169,95€ de IVE, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Autorizar o gasto polo importe de 70.122,07€ (IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria 453 61900 do orzamento vixente para 2024.

**TERCEIRO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato, nos termos en que figuran redactados.

**CUARTO.** Dar conta da presente resolución a Intervención.

**QUINTO.** Dispor a apertura do procedemento de adxudicación e que se publique o anuncio correspondente no perfil do contratante, conforme aos pregos aprobados. Publicar no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación que corresponda, en particular o PCAP e o PPT.

**SEXTO.** Designar aos membros da unidade técnica que a continuación se detallan, de acordo cos pregos aprobados, e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- M<sup>a</sup> del Carmen Carracelas Rosales, Secretaria Interventora da Corporación.
- Miguel Ángel Maquieira Cancela, Técnico medio.





CONCELLO DE

C.I.F. P-3604000 D  
Rúa Rapeira 1 C - 36.658

Tel. : 986 -  
536161

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

